



# FAQ

## Máster oficial en Traducción Multimedia

---

**Referencia** 24

**Nombre** **DubIt**

**Ayuda alumnado** Pernas Moreno, Hugo

**E-mail alumnado** hugopmgal@gmail.com

**FAQ-1** [No Museo do Prado estase levando a cabo unha exposición monográfica do pintor Renoir e recibín fotografías dos cadros da exposición para realizar unha audiodescrición delas en castelán e en inglés. Algunha das ferramentas presentes na guía do bloque 2 pode axudarme neste menester de xeito rápido e sinxelo? Como debería proceder para realizar esta labor?](#)

**Resposta FAQ-1** O DubIt conta cunha opción para agregar grabacións e pistas de audio a unha presentación de arquivos de imaxe. No caso que se plantexa, o primeiro paso sería crear unha presentación, para o cal elixiríanse as imaxes dos cadros, estableceríase unha orde para amosalas e asignaríase unha duración en pantalla a cada unha. O DubIt permite editar por separado o audio de cada elemento da presentación, polo que a continuación grabaríase unha audiodescrición para cada imaxe, axustando o tempo en pantalla á duración da intervención. Así, comentaríanse todos os cadros e, despois, crearíase un vídeo de formato AVI co conxunto das audiodescricións, empregando o propio DubIt. Finalmente, repetiríanse estes pasos para realizar as audiodescricións na outra lingua e así obteríase un segundo arquivo de vídeo coa outra versión.

**FAQ-2** [Estamos elaborando unha presentación multimedia sobre interpretación para actores de dobraxe na cal desexamos insertar unha intervención concreta dunha película. Como se podería obter o audio dese momento puntual?](#)

**Resposta FAQ-2** Neste caso, non bastaría con empregar o DubIt para lograr o propósito, pero sería útil para realizar os primeiros pasos nunha posible solución. Coa función "Split" pódese crear arquivos novos cos compoñentes visuais ou sonoros dunha película. Esta ferramenta produce arquivos en formato WAV que conteñen só o audio da película orixinal. No caso proposto, extraeríase o audio da película. Sen embargo, o arquivo creado contería o sonido de todo o filme. Para rematar o traballo, necesitaríase unha aplicación (e.g. Audacity) que permita extraer segmentos de audio do conxunto total. Deste xeito, conseguiríase un novo arquivo que só contería o segmento de audio que se desexa utilizar na presentación.

---